

Utilizamos cookies para asegurar que damos la mejor experiencia al usuario en nuestro sitio web. Si continúa utilizando este sitio asumiremos que está de acuerdo. Más información [Política de Cookies](#)



INICIO



APROBADO O FOMENTO DA COOPERACIÓN ENTRE ADMINISTRACIÓN E ESTALEIROS PARA INVESTIGAR

27 Ene 2016

O viceportavoz Miguel Tellado concretou que o obxectivo é lograr novos contratos tanto na construción naval convencional, como na eólica off-shore ou os buques propulsados por GNL.

O PARLAMENTO APROBA A INICIATIVA DO GRUPO POPULAR PARA FOMENTAR A COOPERACIÓN ENTRE ADMINISTRACIÓN E ESTALEIROS E MELLORAR A INVESTIGACIÓN E INNOVACIÓN NO NAVAL GALEGO

• "Trátase de traballar no camiño da optimización dos procesos produtivos, mediante o desenvolvemento dun estaleiro dixital para traballar en deseños e estratexias construtivas e a realización de novas ferramentas para a mellora da automatización e robotización das técnicas de construción naval", explicou

Santiago, 27 de xaneiro de 2016.- O Parlamento de Galicia aprobou hoxe a proposición non de lei do Grupo Popular a través da que se insta á Xunta de Galicia a seguir fomentando a cooperación entre administracións e os estaleiros públicos e privados que conforman o sector naval galego, co fin de mellorar a investigación e a innovación no sector. O obxectivo é ganar novos contratos e lograr posicionarse internacionalmente nos nichos de mercado máis innovadores, como a construción naval convencional, o da eólica off-shore ou a construción e adaptación de buques propulsados por gas natural licuado.

O viceportavoz do Grupo Popular, Miguel Tellado, apuntou que "trátase de traballar no camiño da optimización dos procesos produtivos, mediante o desenvolvemento dun estaleiro dixital para traballar en deseños e estratexias construtivas e a realización de novas ferramentas para a mellora da automatización e robotización das técnicas de construción naval".

"O Partido Popular considera fundamental continuar cooperando para levar a Industria 4.0, na que está a traballar a Xunta de Galicia a través da Axenda da Competitividade, ós estaleiros galegos, e, nomeadamente, aos estaleiros públicos da ría de Ferrol", engadiu Miguel Tellado.

O viceportavoz popular sinalou que esta aposta innovadora "permitirá dotar ao sector naval de instrumentos como o programa Conecta Pemes, que vén de abrir unha terceira convocatoria; ou as propias unidades mixtas, que suman tres proxectos na industria naval permitindo avanzar na mellora do deseño e fabricación de eixos de buque ou na busca de solucións tecnolóxicas de baixo custe".

"En Galicia hoxe hai en marcha tres unidades mixtas do sector naval que supoñen un investimento total de máis de 9 millóns de euros e que están a xerar 48 empregos directos", puntualizou Tellado. En concreto, fixo referencia á unidade mixta entre Navantia e a Universidade da Coruña, que ten por obxecto desenvolver o Estaleiro do futuro nas instalacións de Navantia Ferrol e que supón o deseño dun novo concepto de estaleiro para o século XXI, coa tecnoloxía precisa e coa modernización dunhas instalacións como as de Navantia Ferrol.

MELLOR SITUACIÓN DOS ESTALEIROS

Tellado considerou "evidente que a situación actual dos estaleiros da ría de Ferrol é mellor que en decembro de 2011 cando o Partido Popular chegou ao Goberno de España despois de que o Goberno socialista non conseguira un só contrato para os estaleiros entre 2008 e 2011".

"Hoxe a carga de traballo dos estaleiros da ría de Ferrol está perfectamente definida co flotel de PÉMEX, a enxeñería e equipamento do LHD para Turquía, o Buque de Acción Marítima, os 29 jackets para Iberdrola, as cinco macro estruturas para a filial de Statoil, as catro proas e bloques de máquinas petroleiros para Ondimar. A estes contratos cómpre engadirle tamén o encargo do desenvolvemento do programa de I+D+i para a serie de Fragatas F-110, dotado cun orzamento de 135 millóns de euros", concretou.

Deste xeito, manifestou que "a ría de Ferrol conta cuns estaleiros que poden traballar e traballan no eido da construción naval civil, cuns estaleiros que poden traballar e traballan no eido da construción naval militar e cuns estaleiros que poden traballar e traballan xa no eido da diversificación industrial, no offshore da man da eólica mariña". "Nós imos defender as tres actividades: a construción civil, a construción militar e a diversificación", subliñou.

LER MÁIS



GALICIA ABRANGUE O 23% DO TOTAL DE PEDIDOS QUE AFRONTA O NAVAL EN ESPAÑA

27 Ene 2016

O presidente asistiu hoxe ao acto de colocación de quilla do buque escola que o estaleiro Freire vai construír para o Ministerio de Defensa de Indonesia

Feijóo considera un bo sinal o repunte na contratación rexistrado no sector naval galego, que abrangue o 23% do total de pedidos que afronta esta industria en España

- Salaria que, segundo datos do Ministerio de Industria, Enerxía e Turismo correspondentes ao terceiro trimestre de 2015, a carteira de pedidos en vigor dos estaleiros galegos suma 13 buques dun total de 56 contratos rexistrados en España
- Destaca que no referente á carga de traballo, o Índice de Actividade Ponderada en Galicia nos primeiros nove meses de 2015 supón un 32% do total de España
- Apunta que a carga de traballo coa que conta o conxunto dos estaleiros galegos, ben sexa en carteira ou en estadios finais de negociación, suma preto de 2.000 millóns de euros

- Considera que o naval comeza a traducir en emprego e carga de traballo o seu esforzo por innovar e tratar de ser máis competitivo nos mercados internacionais

Vigo, 27 de xaneiro de 2016.- O presidente galego, Alberto Núñez Feijóo, considerou hoxe "un bo sinal" o repunte na contratación rexistrado no sector naval de Galicia, que abrangue xa máis do 23% do total de pedidos que afronta esta industria a nivel nacional. Segundo datos do Ministerio de Industria, Enerxía e Turismo correspondentes ao terceiro trimestre de 2015, a carteira de pedidos en vigor dos estaleiros galegos suma 13 buques dun total de 56 contratos rexistrados en España.

Nesta liña, o titular da Xunta indicou, tamén, que no referente á carga de traballo, o Índice de Actividade Ponderada en Galicia nos primeiros nove meses de 2015 supón un 32% do total de España. E, en suma, destacou que a carga de traballo coa que conta o conxunto dos estaleiros galegos, ben sexa en carteira ou en estadios finais de negociación, chega aos preto de 2.000 millóns de euros.

Feijóo apuntou que nestas cifras aínda non están contabilizados outros contratos importantes acadados polo sector recentemente, como o buque oceanográfico de Freire para a India, o novo flotel para Barreras e o minicruceiro que lle foi adjudicado, o BAM de Navantia, os catro buques encargados a Cardama, ou os jackets contratados a Navantia Fene, que non entrarían dentro do que se considera construción naval.

Máis carga de traballo

O titular da Xunta puxo de relevo estes datos no acto de colocación de quilla do buque escola que o estaleiro Freire vai construír para a Armada indonesia. Unha embarcación adjudicada en xuño de 2013 por un importe de 60 millóns de euros, que garante preto de dous anos de traballo e que dará emprego a 450 persoas de forma indirecta, a totalidade do cadro de persoal e a parte da auxiliar.

Segundo sinalou, ademais desta embarcación, Freire está construíndo un buque oceanográfico para Perú, é responsable da dirección técnica e da xestión de compra de materiais para tres barcos supply para Pemex e, en xullo de 2015, logrou a adjudicación dun buque oceanográfico rompexeos para a India. En total, concretou, este estaleiro conta neste momento cunha carteira de pedidos cun prezo de venda de ao redor de 330 millóns de euros, o que lle garante carga de traballo ata practicamente 2018.

É, polo tanto, unha boa nova para o sector naval de Galicia, dixo, que comeza a traducir en emprego e carga de traballo o seu esforzo por innovar e tratar de ser máis competitivo nos mercados internacionais. "Unha boa nova que demostra que este estaleiro é un dos que mellor resistiu a crise económica e o tratamento que desde a UE se fixo do tax lease", asegurou.

Apoio financeiro ao sector

Neste contexto, mencionou as liñas de apoio financeiro que a Xunta está prestando ao sector. E, entre elas, citou o convenio asinado con Asime para impartir durante 2014 e 2015 49 cursos de formación no naval; uns cursos que tiveron un nivel de inserción do 38% dos participantes. Tamén se referiu ao programa EmpregaNav, acordado coa Mesa do Naval do Diálogo Social para aqueles traballadores que perderon o seu posto de traballo entre marzo e decembro de 2011. Contou, dixo, cun orzamento de 3,1 millóns de euros e axudou á reinserción laboral de 450 profesionais do naval, un 61% dos participantes.

Igualmente, destacou unha liña específica de avais para o financiamento da industria auxiliar; e a participación da Xunta no Fondo de Garantías Navais, ao que achega 21 millóns de euros para avalar posibles contratos navais aos estaleiros galegos en Pymar. Ao respecto, informou de que a primeira das operacións aprobadas coa axuda deste fondo pechouse o pasado 21 de xaneiro ao asignarse un aval ao estaleiro Cardama para a construción de dous remolcadores para unha armadora marroquí.

Recursos para impulsar a innovación no naval

Feijóo recoñeceu que esta industria está a amosar como a innovación e as novas tecnoloxías aplicadas a toda a cadea de produción poden dar resultados moi satisfactorios. E, nese sentido, salientou que a Xunta leva mobilizado en apoios á innovación na construción naval un total de 32 millóns de euros.

Por exemplo, dixo, a través dos programas Interconecta e Conecta Peme, con axudas que superan os 9 millóns de euros para apoiar 19 proxectos de I+D+i neste eido. Ou mediante as Unidades Mixtas de Investigación, que están a mobilizar máis de 8 millóns de euros.

Entre os proxectos máis destacables neste eido citou o que está a realizar a Universidade da Coruña e Navantia para mellorar os procesos de produción nos estaleiros, incrementando a produtividade e reducindo custos e tempo. O que desenvolven Aimen e Factorías Vulcano, para o deseño de liñas de fabricación automatizadas de ensamblaxe de elementos e estruturas navais. Ou o que acometen Aimen e Wartsila Ibérica S.A, para o desenvolvemento dunha nova xeración de compoñentes navais.

Feijóo concluíu poñendo de manifesto a capacidade demostrada do sector por innovar, por adaptarse á demanda e ás exigencias do mercado, e por competir en custo e prazos de entrega antepoñendo sempre o valor engadido da calidade e a experiencia. Agradeceu, así, a confianza depositada polo Goberno indonesio na industria naval galega, e subliñou que "en Galicia está o pasado do sector naval, pero tamén o seu futuro".

LER MÁIS

TRENOR CRITICA QUE A OPOSICIÓN OBVIE FEIJÓO DI QUE A XUNTA NON APROBARÁ A AXENDA DE COMPETITIVIDADE GALICIA- LEI DE ACUICULTURA SEN TER O INDUSTRIA 4.0 RESPALDO DO SECTOR

26 Ene 2016

Santiago, 26 de xaneiro de 2016.- O deputado do Grupo Popular Gonzalo Trenor criticou hoxe no Parlamento que a oposición defenda unha axenda para o fortalecemento do sector industrial de Galicia e "obvien a existencia da Axenda de Competitividade de Galicia-Industria 4.0, que foi presentada nesta Cámara o pasado 28 de abril e que naceu das achegas das empresas galegas, dos clúster, dos centros tecnolóxicos e demais axentes económicos presentes no noso país".

Trenor manifestou que "a Industria 4.0 é un modelo que non ten volta atrás e do que depende que as empresas galegas podan competir con éxito nos mercados internacionais". "A través desta Axenda apostamos por fixar tecido industrial en Galicia, fortalecéndoo e converténdoo no motor do crecemento, porque ademais é o sector que exerce máis influencia sobre creación de emprego e de máis calidade", dixo.

O deputado popular lembrou que o orzamento da Consellería de Industria para 2016 "crece cerca do 20 por cento respecto do ano anterior, dos que 60 millóns serán para avanzar na Industria 4.0, que á súa vez mobilizarán máis de 155 millóns de euros".

EVOLUCIÓN POSITIVA

Gonzalo Trenor destacou a evolución positiva que está a ter a industria galega. A modo de exemplo, sinalou o incremento do IPI en case catro puntos no mes de novembro, que sitúan a Galicia como a cuarta comunidade autónoma con mellor comportamento; a suba dun 5,4 por cento das exportacións entre xaneiro e novembro, ata achegarse aos 17.400 millóns de euros e situar o ano 2015 como o mellor da historia exportadora de Galicia; ou o aumento do investimento en I+D, situando á Comunidade galega como a terceira cun maior incremento durante 2014.

"Entendo que aqueles que consideran que esta evolución é boa sorte, ou debido a variables externas, non sexan capaces de recoñecer que son froito das políticas impulsadas por este goberno", manifestou.

LER MÁIS

27 Ene 2016

Feijóo subliña que a Xunta non aprobará a Lei de Acuicultura sen ter o respaldo do sector

"Pararemos esta lei ata que o sector vexa que está feita para eles, para darlle garantías, para que poidan obter fondos europeos e para que poidan protexerse das empresas que queren especular e que non queren crear postos de traballo", asevera

Adianta que a Xunta vai abrir inmediatamente mesas de diálogo cos bateiros, coa xente do marisqueo e coas confrarías, porque a Lei de acuicultura "nace xustamente para respaldar o sector" e a súa aprobación debe contar co seu apoio

Explica que o Anteproxecto de Lei de acuicultura busca tres obxectivos: consolidar e mellorar a acuicultura galega, preparala para poder exportar, e estabilizar e dar seguridade xurídica ás 5.400 familias que viven do sector do mar en Galicia

Santiago, 27 de xaneiro de 2016.- Alberto Núñez Feijóo asegurou hoxe que a Xunta vai facer "un alto no camiño" na tramitación da Lei de acuicultura porque "non se vai aprobar sen ter o respaldo do sector". "Pararemos esta lei ata que o sector vexa que está feita para eles, para darlle garantías, para que poidan obter fondos europeos e para que poidan protexerse das empresas que queren especular e que non queren crear postos de traballo", aseverou.

Segundo manifestou durante a súa intervención no Pleno do Parlamento, a Xunta vai abrir inmediatamente mesas de diálogo cos bateiros, coa xente do marisqueo e coas confrarías, porque a Lei de acuicultura "nace xustamente para respaldar o sector" e a súa aprobación debe contar co seu apoio. "Mentres o sector non vexa que esta lei é a lei do sector, non se aprobará", remarcou.

Dar cobertura legal e seguridade xurídica ás familias que viven do sector

O titular do Goberno galego explicou que o Anteproxecto de Lei de acuicultura persegue tres obxectivos: consolidar e mellorar a acuicultura galega, preparala para o mundo globalizado para poder exportar, e estabilizar e dar seguridade xurídica ás 5.400 familias que viven do sector do mar en Galicia.

Segundo precisou, con esta normativa a Xunta busca "un aproveitamento óptimo dos recursos" ao entender que "é posible que máis familias vivan da acuicultura, do marisqueo e da baixura". Por iso, engadiu, o obxectivo é "dar cobertura legal a esas familias e darlle seguridade xurídica, blindar esas familias dos furtivos, que poidan recibir fondos europeos e que vivan mellor nos vindeiros anos porque cremos que é a nosa obriga".


"Temos que evitar os erros do pasado e que ninguén se aproveite desas familias ante unha actividade que non está regulada", asegurou. Con esta lei, agregou, "estamos garantindo que o 82% dos fondos da pesca vaian para os produtores de mexillón e os bateiros".

Feijóo indicou que o novo texto nace da Estratexia Galega de Acuicultura que a Xunta aprobou no ano 2012 sen alegacións, e do documento presentado na UE e no Comité de Rexións aprobado por unanimidade, que considera que Galicia é un lugar axeitado para esta actividade e que a normativa é correcta.

Nesta liña, apuntou que cando o proxecto existente durante o bipartito era deixar sen efecto as concesións dos bateiros e sacalas a concorrência e publicidade, a Xunta ampliounas a 30 anos e agora esta nova lei prevé amplialas ata os 50 anos.

Segundo avanzou, polo de agora hai unha serie de alegacións que xa están pactadas. Entre elas, que non se poida desenvolver a acuicultura nin a piscicultura en polígonos de mexillón, que as cordas de todas as bateas non poidan exceder os 6.000 metros, e aquelas novas zonas alleas aos cultivos actuais onde se poidan instalar estes cultivos acuícolas.

LER MÁIS



O GPP PON EN VALOR OS RESULTADOS PARA MELLORAR A ACTIVIDADE DA FLOTA DO CERCO GALEGO

26 Ene 2016

Santiago, 26 de xaneiro de 2016.- O voceiro do Mar do Grupo Popular, Jose Manuel Balseiro, defendeu esta tarde no Pleno do Parlamento que o Goberno galego quere acadar as mellores condicións para a flota do cerco no desenvolvemento da súa actividade. Por todo iso, puxo engalega e do seu sector público. "Trátase dun proxecto valor o resultado das xuntanzas que está a manter a mesanecesario e oportuno, que significa un paso máis no de traballo constituída entre a Consellería do Mar e a exercicio do autogoberno ao proceder ao desenvolvemento totalidade dos representantes do sector, e que buscado entramado institucional da Comunidade autónoma e mellorar a actividade da flota do cerco galego no seupecha as medidas legislativas de impulso democrático conxunto.

Balseiro puxo exemplos destas medidas positivas lembrando que grazas ao acordo proposto pola Xunta, a solicitude do Grupo Popular na tramitación de iniciativas sector, ningún barco galego do cerco quedará sen posibilidades de pesca ao recibir unha cota mínima en función do seu tamaño. "Unha proposta que a Consellería xapensamos que o acordo e o consenso é a mellor forma de fixo fai dous anos pero que daquela foi rexeadas inexplícitamente", lembrou.

Balseiro puxo exemplos destas medidas positivas lembrando que grazas ao acordo proposto pola Xunta, a solicitude do Grupo Popular na tramitación de iniciativas sector, ningún barco galego do cerco quedará sen posibilidades de pesca ao recibir unha cota mínima en función do seu tamaño. "Unha proposta que a Consellería xapensamos que o acordo e o consenso é a mellor forma de fixo fai dous anos pero que daquela foi rexeadas inexplícitamente", lembrou.

Na súa intervención, Pedro Puy lembrou que das 33 leis O portavoz popular indicou tamén que o Goberno galego que defendeu, na última reunión ante o Ministerio, que non actual lexislatura, só unha (a de arquivos) non recibiu contén as sancións por sobrepesca este ano, o que suporáningunha emenda de devolución. Ao mesmo tempo, 32 un importante aumento de cota para cada barco. "Sancións deses 33 proxectos de lei saíron aprobados do Parlamento por certo, que se impuxeron en época de Goberno do PSOE en un só voto a favor da oposición e "so rompemos esa cando se practica pesca sen xestión e sen control", explicou. racha coa recente aprobación da Lei de transparencia, que contou co voto favorable do Grupo Socialista".

O GPP BUSCA CONSENSO PARA O PROXECTO DE LEI DA ASISTENCIA XURÍDICA DA ADMINISTRACIÓN

26 Ene 2016

Santiago, 26 de xaneiro de 2016.- O portavoz do Grupo Popular, Pedro Puy, tendeu hoxe a man no Parlamento para acadar o consenso na tramitación do proxecto de Lei da asistencia xurídica da Administración Xeral da Comunidade desenvolvemento da súa actividade. Por todo iso, puxo engalega e do seu sector público. "Trátase dun proxecto valor o resultado das xuntanzas que está a manter a mesanecesario e oportuno, que significa un paso máis no de traballo constituída entre a Consellería do Mar e a exercicio do autogoberno ao proceder ao desenvolvemento totalidade dos representantes do sector, e que buscado entramado institucional da Comunidade autónoma e mellorar a actividade da flota do cerco galego no seupecha as medidas legislativas de impulso democrático conxunto.

Balseiro puxo exemplos destas medidas positivas lembrando que grazas ao acordo proposto pola Xunta, a solicitude do Grupo Popular na tramitación de iniciativas sector, ningún barco galego do cerco quedará sen posibilidades de pesca ao recibir unha cota mínima en función do seu tamaño. "Unha proposta que a Consellería xapensamos que o acordo e o consenso é a mellor forma de fixo fai dous anos pero que daquela foi rexeadas inexplícitamente", lembrou.

Na súa intervención, Pedro Puy lembrou que das 33 leis O portavoz popular indicou tamén que o Goberno galego que defendeu, na última reunión ante o Ministerio, que non actual lexislatura, só unha (a de arquivos) non recibiu contén as sancións por sobrepesca este ano, o que suporáningunha emenda de devolución. Ao mesmo tempo, 32 un importante aumento de cota para cada barco. "Sancións deses 33 proxectos de lei saíron aprobados do Parlamento por certo, que se impuxeron en época de Goberno do PSOE en un só voto a favor da oposición e "so rompemos esa cando se practica pesca sen xestión e sen control", explicou. racha coa recente aprobación da Lei de transparencia, que contou co voto favorable do Grupo Socialista".

CHAMAMENTO Á RESPONSABILIDADE

“Porén, estase a producir unha cuestión curiosa: neste Balseiro fixo estas declaracións no transcurso do debateParlamento só se aproban leis por unanimidade cando son a plenario dunha moción do BNG sobre e cerco, na que desdeproposta dos grupos da esquerda, o que demostra que o o Grupo Popular reclamaron responsabilidade á oposiciónGrupo Popular é o único capaz de ter unha actitude tolerante para que non aproveite con intereses partidistas a división construtiva coas propostas que veñen desde o outro lado do sector (non todos os colectivos son favorables a mudardo hemiciclo”, indicou Puy. En concreto, dixo que esta os actuais criterios de reparto) e propuxo aos seus voceirosituación aconteceu nesta lexislatura con leis como a que propoñan solucións construtivas, como as que se estánreforma do Regulamento do Parlamento, a de LGTBI, a de acordando na mesa de traballo impulsada pola Conselleríaenfermos terminais ou a de protección de animais. do Mar.

O portavoz popular afirmou que o proxecto de Lei de O deputado popular volveu a insistir en que un reparto linealasesoría xurídica “é necesario e xustifícase porque por tripulante (como demandan desde a oposición) seríaactualmente a asesoría xurídica está regulada por unha lei negativo para o conxunto do cerco galego e indicou que nonprovisional de 1984, a pesar de que a estrutura, tamaño e poderán pedir á Consellería do Mar que defenda unhacompetencias da Xunta mudaron significativamente”. postura na que Galicia perda. Aclarou, en todo caso, que si existe un criterio de reparto que acadada maior consenso entreIMPORTANTES NOVIDADES o sector e que favoreza a Galicia, tanto o Partido Popular como seguro tamén a Xunta serán os primeiros enPedro Puy explicou que este novo texto lexislativo introduce defendela. importantes novidades, como a extensión da asistencia xurídica a todas as entidades do sector público autonómico,

Balseiro rematou insistindo tamén no negativo que suporía agarranto o funcionamento coordinado do asesoramento; volta ao modelo anterior, caracterizado pola pesca olímpica,estende ao ámbito dos servizos da asesoría xurídica o “sen límites nin control, que deu lugar a importantesprincipio de autoprovisión; ou involucra á asesoría xurídica sancións e que foi consagrado en tempos do PSOE”. Nestenas labores de racionalización, simplificación e mellora da sentido, dixo que “os experimentos están moi ben, perocalidade normativa. cando poden hipotecar o futuro do sector, estes deben facerse desde o rigor”.

Así mesmo, Puy destacou que a nova lei regula a defensa do persoal funcionario, autoridades e empregados públicos, “evitando conflitos de interese e denegando a defensa cando o procedemento xudicial non derive do exercicio lexítimo das funcións inherentes ao posto de traballo, cando a actuación non fose lexítima ou cando fose obedecendo ordes manifestamente contrarias á lei”. Así mesmo, a norma tamén prevé a compensación dos gastos de defensa cando se demostre a inocencia do acusado.

Por último, o portavoz popular explicou que a nova lei mellora a organización da asesoría xurídica e a súa independencia; ao tempo que eleva a rango legal o emprego da lingua galega nas súas actuacións.

FALTA DE VERACIDADE DOS SOCIALISTAS

Pedro Puy cuestionou a emenda a totalidade do proxecto de Lei presentada polo Grupo socialista pola falta de veracidade dos argumentos nos que se basea. En concreto, manifestou que a nova norma conta co aval da Asociación Profesional de Letrados da Xunta de Galicia e a negociación coas organizacións sindicais levarase a cabo no proceso de desenvolvemento da lei e da negociación da relación de postos de traballo.

Sobre as críticas á autoprovisión, Puy explicou que a lei “so prevé a existencia de asistencias externas cando a asesoría non poida atender con medios propios o encargo que se lle fai, o que asegura que non haberá unha proliferación de contratos de asistencia xurídica externa que poidan ser asumidos pola avogacía da Xunta, como acontecía noutras etapas da Administración galega”.

Ademais, o portavoz popular engadiu que a nova lei “pretende avanzar na mellora do uso da lingua galega no mundo da Xustiza”, aínda que amosou a vontade do Grupo Popular de aceptar emendas da oposición sobre esta materia.

LER MÁIS

LER MÁIS



O GPP DESIGNA A CRISTINA ROMERO E MIGUEL TELLADO COMO NOVOS VICEPORTAVOCES

[26 Ene 2016](#)

Substitúen no cargo á nova vicepresidenta do Parlamento, Marta Rodríguez, e á deputada no Congreso Pilar Rojo

O GRUPO POPULAR DESIGNA A CRISTINA ROMERO E MIGUEL TELLADO COMO NOVOS VICEPORTAVOCES

Santiago, 26 de xaneiro de 2016. - O Grupo Popular designou na reunión celebrada esta mañá aos deputados Cristina Romero Fernández e Miguel Tellado Filgueira como novos viceportavoces, en substitución da nova vicepresidenta do Parlamento, Marta Rodríguez Arias, e da deputada no Congreso Pilar Rojo Noguera.

Cristina Romero Fernández compaxinará a viceportavocía coa portavocía en materia de Comercio e Turismo do Grupo Popular, e continuará como Presidenta da Comisión 6ª, de industria, enerxía, comercio e turismo. Romero Fernández forma parte do Comité de Dirección do Partido Popular de Ourense, do que é a súa portavoz.

Pola súa banda, Miguel Tellado asumirá a viceportavocía do Grupo Popular, ademais da portavocía nos asuntos relacionados coa Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza da Xunta de Galicia. Tellado forma parte da executiva do Partido Popular de Galicia, do que é portavoz.

[LER MÁIS](#)



COMITÉ DE DIRECCIÓN DO PPDEG

[26 Ene 2016](#)

O líder do PPdeG, Alberto Núñez Feijóo, presidiu a reunión do comité de dirección do PPdeG. Sábado 23 de xaneiro de 2015

[LER MÁIS](#)



O GRUPO POPULAR PROPÓN A SANTALICES COMO PRESIDENTE DA CÁMARA

25 Ene 2016

Tras a reunión do Grupo Parlamentario Popular co seu presidente, Alberto Núñez Feijóo, o voceiro, Pedro Puy, anunciou que a formación proporá a Miguel Santalices para ocupar o cargo de presidente da Cámara e a Marta Rodríguez Arias o de vicepresidenta primeira.

LER MÁIS



FEIJÓO DI QUE EN 25 ANOS A XUNTA ACADOU DUPLICAR O SERGAS E FACELO MÁIS EFICIENTE

26 Ene 2016

O titular do Goberno galego presidiu esta tarde o 'Acto de Recoñecemento de Transferencia Sanitaria a Galicia: 25 anos da transferencia do Insalud á Comunidade Autónoma de Galicia'

Feijóo subliña que en 25 anos a Xunta foi quen de duplicar o Servizo Galego de Saúde e facelo o dobre de eficiente

- Saliencia que "foron 25 anos de éxito, dun traballo profesional enorme que hoxe nos permite facer un cuarto de século co deber cumprido". Neste momento, "temos unha sanidade pública en Galicia moitísimo mellor da que podíamos soñar hai 25 anos", di
- Asegura que neste período construíronse 7 novos hospitais, pasouse de 84 a 255 quirófanos, e dun cadro de persoal de 19.000 profesionais a máis de 36.000
- Apunta que os centros de saúde se multiplicaron por sete e que Galicia conseguiu equiparar e incluso superar a media de gasto por habitante ao conxunto do Estado
- Sostén que o reto actual é facer un novo Sergas desde o punto de vista das infraestruturas, porque "o 70 por cento dos galegos na súa área sanitaria terán neste ano un hospital novo ou renovado ou un centro de saúde novo"

Santiago, 25 de xaneiro de 2016.- Alberto Núñez Feijóo asegurou que nos 25 anos transcorridos desde que lle foron transferidas á Comunidade as competencias do Insalud, a Xunta foi quen de duplicar o Servizo Galego de Saúde e de

facelo o dobre de eficiente, con maior capacidade, máis medios e o dobre de recursos humanos. Así o manifestou no 'Acto de Recoñecemento de Transferencia Sanitaria a Galicia: 25 anos da transferencia do Insalud á Comunidade Autónoma de Galicia'.

O mandatario galego sinalou que "foron 25 anos de éxito, dun traballo profesional enorme que hoxe nos permite facer un cuarto de século co deber cumprido". Neste momento, engadiu "temos unha sanidade pública en Galicia moitísimo mellor da que podíamos soñar hai 25 anos".

Feijóo apuntou, así, como foron medrando as infraestruturas do Sergas ao longo deste período, cando a Galicia lle foran transferidos 19 hospitais. Desde entón, dixo, a Comunidade conta xa con 7 novos centros hospitalarios. Tres deles en Santiago, Lugo e Vigo; xunto a catro novos hospitais comarcais: o do Barbanza, o Salnés, o de Cee e o Verín. Finalizouse tamén o hospital do Meixoeiro e neste momento, precisou, está previsto a construción dun novo hospital en Pontevedra, estase ampliando e remodelando o Complexo Hospitalario Universitario da Coruña, o Hospital de Ourense, e case nun terzo o Hospital da Mariña, en Burela, e o Hospital do Salnés.

Cifrou tamén o número de quirófanos, que pasou de ser de 84 aos 255 actuais; e igualmente, o cadro de persoal, que de 19.000 profesionais pasou a máis de 36.000 traballadores.

Canto aos centros de saúde, afirmou que se multiplicaron por sete, pasando de 71 a 483, contado os 90 PAC, que actualmente están repartidos por todo o territorio de Galicia. Xunto con isto, mencionou a creación do Centro de Transfusión de Galicia como outro dos fitos acadados nestes 25 anos e, ademais, recoñeceu que Galicia conseguiu equiparar e incluso superar a media de gasto por habitante ao conxunto do Estado. Actualmente, dixo, a media de gasto por habitante en España está en 1.162 euros por habitante, mentres que Galicia está a investir 1.241 euros de media por habitante.

Estes 25 anos transcorridos, engadiu, foron unha etapa na que defender que a sanidade fose o orzamento que menos diminución tivese durante os oito anos de recesión económica. E foron unha etapa na que se conseguiu estender a receita electrónica e o expediente electrónico practicamente ao 100 por cento dos galegos. Aprobar unha Lei de garantías sanitarias para establecer legalmente prazos e dereitos para os pacientes. Elaborar un Catálogo de medicamentos. Que un dos hospitais do Sergas, o CHUAC, fose en 2015 o centro hospitalario que realizou máis transplantes. E, do mesmo xeito, seguir modernizando as infraestruturas.

Facer un novo Sergas desde o punto de vista das infraestruturas

Nesta liña, asegurou que ademais dos 20 centros de saúde construídos ata o de agora, 14 máis están en proceso de construción. Ao igual que se vai seguir coa ampliación do Hospital da Coruña, o de Ourense, o do Salnés, para nas vindeiras semanas adxudicar o Hospital da Costa e empezar este ano o Plan director do Hospital Arquitecto Marcide de Ferrol.

Como outro dos logros acadados mencionou o feito de implantar a radioterapia e a medicina nuclear naqueles centros onde non había, cos programas Innova Saúde o Hospital 2050; e de ser quen de comprometer 75 millóns de euros na renovación do equipo tecnolóxico do Sergas. En plena recesión económica, apuntou, apostouse por "renovar os aceleradores lineais, as resonancias nucleares magnéticas os TAC, e os mamógrafos". E, por outra banda, referiuse aos novos sistemas de organización como o das Áreas de Xestión Integradas ou a Axencia Galega de Sangue, Órganos e Tecidos, que integra o Centro de Transfusión de Galicia e a Oficina de Coordinación de Transplantes.

Agora, proseguíu, o fito actual será facer un novo Sergas desde o punto de vista das infraestruturas porque "o 70 por cento dos galegos na súa áreas sanitaria terán neste ano un hospital novo ou renovado ou un centro de saúde novo", subliñou.

LER MÁIS

MORE...



O PPDEG ACTUALIZARÁ EQUIPOS COA CELEBRACIÓN EN MARZO DOS CATRO CONGRESOS PROVINCIAIS

23 Ene 2016

O autonómico terá lugar unha vez rematada a remodelación de estruturas na Coruña, Lugo, Ourense e Pontevedra

O PPdeG inicia un proceso de actualización de equipos coa celebración no mes de marzo dos catro congresos provinciais

• Rueda lembrou que o partido reaccionou á perda de apoios nas eleccións municipais comprometendo unha "renovación de políticas, actitudes e equipos"

Santiago de Compostela, 23 de xaneiro de 2016.- O secretario xeral do PPdeG, Alfonso Rueda, anunciou hoxe o inicio dun proceso de renovación de equipos no PPdeG, que se traducirá na celebración no mes de marzo dos catro congresos provinciais do partido. Eses procesos servirán para actualizar e adecuar as nosas estruturas internas en cada un dos territorios.

A decisión, acordada hoxe no Comité de Dirección do partido, implica que as xuntas directivas provinciais convoquen ditos congresos de xeito inmediato e de forma que poidan estar todos eles celebrados neste primeiro trimestre do ano.

Alfonso Rueda lembrou que o partido reaccionou á perda de apoios nas eleccións municipais comprometendo unha "renovación de políticas, actitudes e equipos".

"Renovamos políticas dende as institucións que gobernamos pero sobre todo dende a Xunta de Galicia. O fixemos acentuando o noso discurso social e acometendo unha serie de medidas de tipo impositivo e económico moi significativas, como a baixada no IRPF autonómico, a práctica supresión do imposto de sucesións e doazóns, a política de impostos cero no rural ou mesmo a Tarxeta Benvinda coa axudamos con 1.200 euros ao ano a aqueles galegos que teñen un fillo na Comunidade Autónoma", dixo.

Rueda engadiu que "renovamos tamén actitudes e o fixemos encargando a novos dirixentes do partido unha ponencia que acercara o partido a aqueles galegos que percibían que tiñamos marxe de mellora nese senso. Unha ponencia cuxo eixo principal foi a proximidade e a participación".

O terceiro compromiso de renovación tiña que ver cos equipos, "e o fixemos na Xunta mudando as caras e o fondo do Goberno galego, ao que se incorporaron tres novos conselleiros, saíu un, e mudaron de competencias boa parte dos que estaban na Xunta e permanecen nela".

"Esa renovación de equipos afectou á Xunta pero na outra pata deste proxecto, no partido, quedou a expensas de afrontar as pasadas eleccións xerais. Rematado ese proceso, e seguindo a folla de ruta que nós mesmos fixamos hai meses, chegou o momento de iniciar a actualización de equipos no seo do PPdeG", apuntou.

TRAS OS PROVINCIAIS, O AUTONÓMICO

Alfonso Rueda asegurou que, tras estes catro congresos provinciais, o partido celebrará un de carácter autonómico, do que sairá o candidato á Presidencia da Xunta de Galicia.

"Hoxe iniciamos un proceso de actualización de equipos sereno e sosegado. Facémolo coa tranquilidade que dan as vitorias electorais pero tamén coa responsabilidade de saber que o noso apoio en Galicia, aínda sendo grande, pode medrar", dixo.

Ademais, apuntou que "abrimos unha etapa ilusionante e tomamos a dianteira así aos partidos que seguen aínda sen saber cómo interpretar a vontade dos cidadáns".

Rueda tivo un recordo para o Congreso que o PPdeG celebrou hai dez anos e que supuxo o relevo de Manuel Fraga e a chegada de Alberto Núñez Feijóo á Presidencia do partido: "sabemos facer congresos útiles e coordinados. Fixemos un hai agora dez anos que é modelo para este e outros partidos. Agora aspiramos a acertar en formas e fondo como aconteceu por aquel entón", rematou.

LER MÁIS



TELLADO: “SE EN MAREA NON FOSE PODEMOS NON SE DILUIRÍAN NO SEU GRUPO PARLAMENTARIO”

20 Ene 2016

Santiago de Compostela, 20 de xaneiro de 2016.- O voceiro do PPdeG, Miguel Tellado, foi moi crítico hoxe coa decisión de En Marea de renunciar a ter unha andaina por separado no Congreso dos Deputados e optar por completar o Grupo Parlamentario de Podemos. Para o dirixente popular, a coalición enganou aos galegos asumindo unhas siglas e uns compromisos diferentes aos de Podemos cando en realidade son a mesma cousa.

Tellado recorda que é certo que parte de En Marea era Podemos, pero tamén o é que Anova e outras formacións do ámbito do nacionalismo galego confluíron nesa plataforma. “Agora renuncian a ese nacionalismo para facer posibles as aspiracións de Pablo Iglesias”.

“É un triste final para a carreira nacionalista de Xosé Manuel Beiras, que toda a vida defendeu un nacionalismo que combaterá as forzas estatais e agora está integrado nunha delas”, di.

Para o voceiro popular o experimento de Podemos no Congreso terá un percorrido similar ao da coalición AGE, que arrancou no Parlamento galego con nove deputados e como terceira forza parlamentaria, e agora é a carta tras perder a terceira parte dos seus integrantes.

En Marea ven de entregar o voto dos galegos a Pablo Iglesias, Íñigo Errejón e Carolina Bescansa, e verán diluída a súa representación nun grupo que ten aspiracións diferentes ás de Galicia. Puideron xestionar os seus apoios de forma independente e sen máis ataduras que aquelas que implican os votos dos galegos, como fixo Compromís no caso da Comunidade Valenciana, pero preferiron ser mandados por Iglesias que polos galegos que os converteron en segunda forza en Galicia nas pasadas eleccións xerais.

En todo caso, Tellado engade que, sabendo que En Marea defende a autodeterminación dos pobos ao igual que Podemos, non sabemos a qué espera o PSOE para dicir que nunca pactará con eles en busca da investidura de Pedro Sánchez. Ademais, recorda que aínda está pendente unha explicación convincente da cesión de senadores do PSdeG a ERC.

“Ao final houbo nacionalistas que votando a En Marea apoiaron a campaña dun partido estatal como Podemos, e socialistas que votando ao PSOE apoiaron as reivindicacións secesionistas de ERC”.

[LER MÁIS](#)



FEIJÓO AVOGA POR SEGUIR EXPLORANDO NAS POSIBILIDADES QUE DA A INDUSTRIA EÓLICA MARIÑA

20 Ene 2016

Fene (A Coruña), 20 de xaneiro de 2016.- O presidente do PPdeG, Alberto Núñez Feijóo, avogou hoxe por seguir explorando nas posibilidades que ofrece a industria eólica mariña para garantir máis carga de traballo aos estaleiros de Navantia Fene. Así o manifestou logo de participar no inicio de fabricación das cinco estruturas flotantes que este estaleiro construíra para o que é o primeiro parque eólico flotante do mundo, o parque Hywind en Escocia.

Feijóo precisou que se trata do segundo contrato en menos dun ano que Navantia Fene consegue no eido da eólica mariña —neste caso para a empresa enerxética noruega Statoil—, despois de que en decembro de 2014 lle fose encargada a construción de 29 jackets para o parque eólico mariño que Iberdrola promove en Alemaña (Wikinger), no Mar do Norte.

Ambos os dous pedidos lograronse en alianza coa empresa asturiana Windar Renovables e son, dixo, unha demostración de que Navantia Fene se está posicionando como un “socio de referencia” no mercado eólico offshore. Despois de case dez anos sen carga de traballo é grazas á industria eólica mariña este estaleiro volve estar operativo, salientou.

As cinco estruturas flotantes, de 6 MW cada unha, terán un peso dunhas 3.500 toneladas, unha lonxitude de 90 metros e un diámetro de 14,5 metros. Contan cun investimento total de máis de 215 millóns de euros e a súa construción suporá “un ano continuado de traballo para máis de 300 persoas”.

Máis carga de traballo

Son boas novas, dixo, porque estas cinco estruturas constitúen o proxecto piloto dun encargo moito maior que podería ascender a 60 estruturas máis, o que sitúa Navantia Fene en posición de vantaxe cando se adjudique este segundo paquete. E, ademais, xunto cos 29 jackets que constrúe para Iberdrola en Alemaña, a carga de traballo no eido da eólica offshore ascende xa a máis de 700 postos de traballo.

Neste sentido, subliñou que Galicia ten un importante camiño andado que supuxo pasar da inactividade á recuperación de carga de traballo para o sector na ría de Ferrol. Un camiño no que Navantia está demostrando o valor internacional da enxeñaría naval galega, pero no que fan falta máis avances que se traduzan en máis ocupación, dixo. Ao respecto, destacou que a carga de traballo en carteira ou outros estadios finais de negociación no conxunto dos estaleiros galegos actualmente suma máis de 1.900 millóns de euros.

Unha industria emerxente

Recoñeceu así que a industria eólica mariña é unha industria emerxente que ofrece enormes posibilidades para o sector naval. E, en concreto, sinalou que as estruturas flotantes representan o futuro desta industria porque permiten desenvolver parques eólicos a maiores profundidades e a distancias máis afastadas da costa, producen con iso un menor impacto visual, e xeran menor afección ao ambiente, posto que non se fixan no leito mariño senón que se amarran.

Feijóo considerou unha vantaxe para Navantia o feito de contar cunhas instalacións cunha excelente localización xeográfica e acceso ao mar; cos medios técnicos necesarios para fabricar e mover grandes estruturas; e, sobre todo, coa alta cualificación e a experiencia de todo o cadro de profesionais que traballan na empresa. Tres razóns de peso, indicou, que outorgan a este estaleiro un alto valor competitivo nun mercado emerxente como é o sector eólico en alta mar, e que o sitúan nunha posición privilexiada á hora de optar a novos contratos.

Neste contexto, avanzou que Navantia Fene presentou dúas ofertas para a construción dun parque eólico mariño no norte de Escocia —para a eléctrica escocesa SSE—, e outro no Mar do Norte promovido por Iberdrola dos que confiou en ter boas novas. “En 2016 decidirase a execución de máis de 300 jackets, o que podería ser unha gran oportunidade de seguir incrementando a carga de traballo” no naval galego, adiantou.

Integrar a innovación no sector naval

O presidente considerou que as dúas adjudicacións coas que xa conta Navantia no campo da eólica mariña son consecuencia do esforzo que o sector está a realizar por diversificar a súa produción incorporando a innovación para ser máis competitivo. E, nesta liña, referiuse aos apoios que está a achegar a Xunta para acadar este reto. Trátase dun obxectivo prioritario da Estratexia de Especialización Intelixente (RIS3), e os Programas Innterconecta e Conecta Peme nas súas diversas convocatorias prestaron xa financiamento para 19 proxectos de I+D+i dirixidos á mellora de produtos e servizos para empresas deste sector, con axudas que superan os 9 millóns de euros e que mobilizan un investimento próximo aos 20 millóns de euros.

Na mesma liña, as Unidades Mixtas de Investigación mobilizarán máis de 8 millóns de euros en programas innovadores de I+D+i para este sector, como o que está realizando a Universidade da Coruña e Navantia para deseñar o estaleiro do futuro, que conta cunha subvención de 0,7 millóns de euros. Unha pata fundamental do proceso de transformación de Navantia que definirá a modernización que necesita o estaleiro de Ferrol para facer fronte ao desenvolvemento da fragata F-110.

E, igualmente, tamén o CIS Galicia está a desenvolver un proxecto co conxunto do sector naval galego para implantar o naval 4.0; é dicir, avances que permitan a integración de tecnoloxías TIC, que axuden a mellorar a integración e a comunicación entre estaleiros e auxiliares, e que melloren os traballos de deseño e construción a través da robótica e a automatización de procesos. Un proxecto ao que a Xunta achega 1,8 millóns de euros.

Outros pedidos en carteira

Feijóo lembrou que as dúas últimas adjudicacións conseguidas por Navantia Fene, súmanse a outros pedidos que o estaleiro ten en carteira como a construción do flotel de Pemex, que segue adiante e ten como data límite de entrega o 16 de xullo. O Buque de Acción Militar (BAM) para a Armada española, do cal xa están en construción 26 dos 40 bloques que forman o barco coa previsión de que se poña a quilla a finais de abril e en abril de 2017 sexa a botadura. Ou os catro petroleiros para o armador Idiazabal, cuxa obra, que se fabricará en parte en Ferrol, comezará a metade deste ano logo de que en decembro xa se puxeran as quillas.

Ademais, canto ao dous buques de apoio loxístico para a Armada australiana (BAC), Navantia figura neste momento como finalista e se espera a decisión nos vindeiros meses, apuntou. E, tamén é grazas ao esforzo innovador que está a realizar esta empresa polo que colabora co estaleiro australiano ASC na construción alí dun programa de destrutores antiaéreos.

LER MÁIS



O GRUPO POPULAR DEFENDERÁ A INVESTIGACIÓN NO NAVAL E POTENCIAR A COMPETENCIA LECTORA

19 Ene 2016

Santiago, 19 de xaneiro de 2016.- O Grupo Popular defenderá no Pleno do Parlamento galego da vindeira semana dúas proposicións non de lei para fomentar a cooperación entre administracións e estaleiros públicos e privados para mellorar a investigación e a innovación no sector naval galego, así como para potenciar as estratexias de capacitación e competencia lectora da sociedade galega. A sesión plenaria incorpora, ademais, a comparecencia da conselleira de Medio Ambiente e Territorio e o debate de totalidade do proxecto de Lei de ordenación da asistencia xurídica da Administración xeral de Galicia e do seu sector público.

A modo de resumo, o portavoz do Grupo Popular, Pedro Puy, sinalou que a sesión plenaria incorpora 28 cuestións, das que catro corresponden ao Grupo Popular e outras dúas ao Goberno galego, ademais dunha iniciativa lexislativa popular. "As restantes 21 son a iniciativa dos grupos da oposición, o que confirma unha vez máis que neste Parlamento non existe veto nin posicionamento da maioría que priven do debate das cuestións que a oposición considera que preocupan á cidadanía", sinalou.

TRES NOVAS DEPUTADAS

Ao remate da Xunta de Portavoces, Pedro Puy informou que a sesión plenaria dará comezo coa toma de posesión das tres novas deputadas que substitúen ás que resultaron electas como deputadas no Congreso ou senadora. Por parte do Grupo Popular, tomarán posesión Sandra María Devesa Bouzas e Elena González Sánchez.

A continuación, procederase ao debate de dous textos lexislativos. En primeiro lugar, a iniciativa popular de medidas para garantir a enerxía como servizo público e contra a pobreza enerxética, "que se incorpora á orde do día deste pleno como consecuencia do previsto na recentemente aprobada Lei de iniciativa lexislativa popular e participación cidadá", lembrou Puy.

O pleno incorpora tamén o debate de totalidade do proxecto de lei de ordenación da asistencia xurídica da Administración xeral de Galicia e do seu sector público. O portavoz popular subliñou que este texto lexislativo "é o último do paquete de medidas de impulso democrático que anunciara o Presidente da Xunta na súa comparecencia no Parlamento hai xusto un ano, iniciativas que supuxeron unha profunda renovación en relación co uso dos fondos públicos e a transparencia para a loita contra a corrupción e minimizar os riscos asociados con condutas deplorables".

Entre as novidades que incorpora este proxecto de Lei, Pedro Puy indicou que "por primeira vez a asesoría xurídica asistirá ao conxunto do sector público autonómico; se impulsa a calidade lexislativa a través dunha entidade que permitirá ir axustando a estrutura das normas e a adecuación do conxunto das normas aos parámetros de calidade; se incrementa a autonomía da propia asesoría xurídica; se fomenta o uso da lingua galega e a utilización dos medios telemáticos no traballo habitual da asesoría xurídica; e, finalmente, establece o criterio que debe acompañar á prestación de servizos de asistencia xurídica a empregados públicos e a altos cargos cando están suxeitos procesos xudiciais relacionados coa corrupción.

A sesión plenaria continuará coa comparecencia a petición propia da conselleira de Medio Ambiente para dar conta das liñas xerais do seu departamento, unha solicitude que coincide cunha petición do grupo maioritario da oposición.

LECTURA E NAVAL

O Grupo Popular defenderá no pleno da vindeira semana dúas proposicións non de lei. A primeira ten como obxectivo impulsar ao Goberno galego a utilizar a rede de bibliotecas públicas para incrementar a competencia lectora da sociedade galega.

A segunda proposición non de lei do Grupo Popular pretende fomentar a competitividade e potenciar a colaboración entre as empresa públicas e os estaleiros públicos e privados co fin de mellorar a investigación e a innovación no sector naval galego, co obxectivo de ganar novos contratos e posicionarse internacionalmente nos nichos de mercado máis innovadores, como a construción naval convencional, o da eólica off-shore ou a construción e adaptación de buques propulsados por gas natural licuado.

Por último, o Grupo Popular cuestionará ao Goberno galego sobre o proceso de posta en marcha efectiva da área metropolitana de Vigo e sobre as repercusións para Galicia do acordo acadado no Consello de Ministros da Unión Europea que determinou as cotas de pesca para 2016.

LER MÁIS

13

14

15

16

17

18

19

20

21

22



Página 20 de 22

**SÍGUENOS NAS REDES SOCIAIS****PP DE GALICIA**

Dirección: Av. de Fernando de Casas Novoa, Edificio CNL Portal A - Bajo - 15707 Santiago de Compostela

Web: www.ppdegalicia.gal

Email: info@ppdegalicia.com

Teléfono: (+34) 981 552 480

LINKS DE INTERESE

Parlamento de Galicia:
www.parlamentodegalicia.es

Congreso dos Deputados:
www.congreso.es

Senado:
www.senado.es

Parlamento Europeo:
www.europarl.europa.eu

Partido Popular:
www.pp.es

ÚLTIMAS NOVAS

Feijóo pide unir o voto no PP para que non haxa un novo incumprimento do PSOE, senón un Goberno que cumpre con Galicia

Feijóo sinala que "o cambio é posible" se os votos sen escano a VOX e Ciudadanos se unen no Partido Popular

Feijóo: "Cada voto sen escano a VOX e Ciudadanos son máis escanos para un Goberno do PSOE con populistas e nacionalistas"

Feijóo pide unir o voto no PP ante un PSOE que fracasou e só pode agarrarse á división nas urnas

Tellado anuncia que Mariano Rajoy estará o martes na provincia de Pontevedra para participar na campaña do PPdeG

Feijóo pide aos galegos que se unan nun voto esixente para que volva a estabilidade a España e se cumpra con Galicia

Copyright © 2019 Partido Popular de Galicia. [Política de privacidade](#) [Política de cookies](#) [Aviso legal](#)